



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno para o 18.06.2026

Don Manuel Vázquez Faraldo, alcalde do Concello de Miño, dita a seguinte resolución:

De conformidade co establecido nos artigos 80 e 82 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

CONVOCAR A SESIÓN ORDINARIA do Pleno do Concello de Miño, que terá lugar o día 18.06.2026 ás 20:00 horas, no salón de plenos da casa do concello, e fixar a seguinte orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior: sesión extraordinaria do Pleno do 26.05.2026
2. Aprobación do proxecto de "Instalación de cuberta de pista polideportiva, no lugar do Apeadeiro de Perbes s/n (15.608, San Xoán de Vilanova) Miño"
3. Aceptación expresa das condicións impostas polo Servizo do Litoral en relación coa autorización de concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre con destino á construción dunha pasarela para a conexión entre ambas marxes do río Baxoi, Miño.
4. Aprobación da numeración de parcelas resultantes de segregación con acceso a vial no lugar A Torre, parroquia de Perbes, no rúeiro municipal
5. Dación de contas do informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e o período medio de pago do 1º trimestre do 2026
6. Dación de contas das resolucións da Alcaldía: dende o día 13.04.2026 (resolución número 334/2026) ata o día 14.06.2026 (resolución número 630/2026)
7. Dación de contas das actas da Xunta de Goberno Local das seguintes datas: 30.03.2026, 20.04.2026, 24.04.2026, 08.05.2026, 15.05.2026, 25.05.2026 e 27.05.2026.
8. Mocións
 - 8.1. Moción do PP para a revisión da rede de saneamento e auga potable ante os afundimentos nas rúas e estradas
 - 8.2. Moción do Grupo Mixto-BNG para reclamar medidas de redución da contaminación acústica da AP9 na urbanización Costa Miño
9. Informes do equipo de goberno
10. Rogos e preguntas

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario municipal

David Veiga Sierra